

ACREDITACIÓN CRITERIOS PARA A ADMISIÓN DO ALUMNADO

Existencia de irmás/-áns matriculados no centro. (8 ptos./2 ptos.)

1. Só se Terán en conta os que vaian continuar escolarizados nel durante o curso escolar para o que se solicita a admisión.
2. Teñen consideración de irmás/-áns:
 - a) Os sometidos a tutela, acollemento familiar permanente ou preadoptivo.
 - b) Fillos/-as de separados/divorciados , aínda que non sexan fillos comúns.
3. ACREDITÁSE:
 - a) Fotocopia completa do libro ou libros de familia.
 - b) Fotocopia resolución Xefatura Territ. Traballo e Benestar (menores en situación de acollemento).

Nai/pai, titor/-ra que traballe no centro. (3 ptos.)

1. Nai/pai/titor vinculado ao centro con relación funcional ou contrato por escrito, sempre que non remate a relación no curso escolar para o que se solicita a admisión.
2. Non será acumulable a máis dun proxenitor.
3. Acreditará o propio centro.

Proximidade do centro ó domicilio familiar. (6 ptos./3 ptos.)

1. **Na solicitude hai que optar polo domicilio familiar ou polo lugar de traballo, non son acumulables.**
2. ACREDITÁSE:

O domicilio familiar acreditarase mediante certificado do Padrón municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar que conviven nel. A data de alta no concreto domicilio deberá ter unha antigüidade mínima dun ano respecto ao inicio do procedemento de admisión, agás circunstancias debidamente xustificadas. Así mesmo, o certificado deberá estar expedido dentro do ano natural ao que corresponda o proceso de admisión.

 - a) Si ID fiscal = certificado padrón
 - Certificado padrón municipal con todos os membros da unidade familiar que convivan nel. Deberá ter unha antigüidade dun ano respecto ó inicio da admisión e expedido dentro do ano natural do proceso de admisión (rematado o prazo de presentación de documentación, a dirección solicitará á Xefatura Territ. a verificación de coincidencia datos ID fiscal e certificado padrón.
 - b) Si ID fiscal ≠ Padrón municipal
 - Poderán achegar: escritura compravenda/contrato alugueiro(depósito efectuado no IGVS) + contrato alta recibos actualizados de subministracións (auga, luz, gas) a seu nome.
3. **Excepcionalmente**, pode considerarse domicilio familiar o doutros familiares cos que conviva o alumno, sempre que se probe a convivencia cun **certificado de convivencia** expedido ó efecto.

Proximidade do centro ó lugar de traballo. (4 ptos./2 ptos.)

1. Na solicitude hai que optar polo domicilio familiar ou polo lugar de traballo, non son acumulables.
2. ACREDÍTASE:
 - a) Traballadores por conta allea: documento expedido polo empregador + copia contrato traballo.
 - b) Traballadores conta propia: alta censual ante AEAT
 - c) Persoal Admón. pública: certific. Xefatura persoal.

Renda anual per cápita da unidade familiar (3 ptos./2 ptos./1pto.)

1. Refírese ó exercicio fiscal anterior en 2 anos ó ano natural da presentación da solicitude.
2. A Unidade familiar está formada polos cónxuxes non separados legalmente ou parellas de feito inscrita no Rexistro de parellas de feito de Galicia + fillos menores de idade/fillos maiores de idade incapacitados.
3. Calcúlase: (415) base impositible xeral + (435) base impositible de aforro
nº membros computables unidade familiar
4. Deberán autorizar expresamente a utilización da información tributaria por ambos cónxuxes, sexa conxunta ou individual ou aportar a declaración da renda.
5. No caso de que a AEAT non dispoña dos datos tributarios das persoas integrantes da unidade familiar, deberá achegarse una certificación de haberes do exercicio fiscal, ou calquera outro documento de cada unha delas.
6. Segundo o IPREM correspondente
 - Se é inferior a 0,5 veces o IPREM: 3 puntos.
 - Se é igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM: 2 puntos.
 - Se é igual ou superior a 0,75 e inferior ao IPREM: 1 punto.
 - Se é igual ou superior ao IPREM: 0 puntos

Familia numerosa. (3 ptos./2 ptos.)

1. ACREDÍTASE: fotocopia do título oficial en vigor ou do carné familiar galego expedido pola Consellería de Traballo e Benestar ou copia da solicitude de renovación.

Familia monoparental. (2 ptos.)

1. Enténdese por familia monoparental a composta por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento (Artigo 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia).
2. Para a valoración do criterio de familia monoparental, a persoa interesada terá que presentar a certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou pola autoridade competente doutras administracións públicas.

Discapacidade. (4 ptos./3 ptos./1 pto.)

1. Puntúanse discapacidades superiores ó 33% do alumno, nai, pai, titor ou irmáns, recoñecida con antelación á finalización prazo solicitudes.
2. ACREDÍTASE: certificación grao minusvalía expedida pola Consellería de Traballo.